fondo galego
de cooperación e solidariedade

Cuba Perú Nicaragua

EXPERIENCIAS 2009

Vacacions con traballo

Un Orgullo



EXPERIENCIAS 2009 VACACIONS CON TRABALLO

Un Orgullo

EDITA: **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

COORDINA: **(IGADI) Secretaría Técnica do Fondo Galego**

SEDE: **Rúa Varsovia, 4º C- 6ª – 15730 Santiago de Compostela (A Coruña)**

TELÉFONO: **981-55-59-99 Fax: 981-56-52-03**

SECRETARÍA: **Avda. Joselín, 7 –Portal 3 – 4º B – 36300 Baiona (Pontevedra)**

TELÉFONO E FAX: **986-35-72-38**

ENDEREZO ELECTRÓNICO: **info@igadi.org / www.igadi.org**

FOTOGRAFÍAS: **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX**

DESEÑO: **Breogán Xuncal Pereira**

IMPRESIÓN: **Gráficas Feito S. L.**

DEPÓSITO LEGAL: **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX**

INTRODUCIÓN

VACACIONS CON TRABALLO EN CABO VERDE

Datos básicos

Testemuño de ROSA LAGE
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Xove. Cámara Municipal de Brava, Cabo Verde

A decisión e a viaxe a Brava

O traballo na Ilha das Flores
- Irmandamento con La Palma
- Xardíns de Infancia
- Centro de Día para Maiores

Saudade

VACACIONS CON TRABALLO NO PERU

Datos básicos

Testemuño de MARTA RICHARTE
Técnica Media de Apoio Social do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas.
Tierra de Niños, Perú

A decisión

A viaxe

O traballo en Tierra de Niños

Volta a casa

VACACIONS CON TRABALLO EN NICARAGUA

Datos básicos

Testemuño de SARA PÉREZ
Traballadora do Departamento de Benestar Social da Deputación de Lugo. Instituto de Promoción Humana - Somoto, Nicaragua

De Managua a Somoto

O INPRHU e o Programa de Amigos Solidarios

Unha denuncia e unha alegría

Despedida

VACACIONS CON TRABALLO EN CUBA

Datos básicos

Testemuño de JORGE DUARTE
Arquitecto técnico no Concello de Pontecesures. Oficina do Conservador de Santiago de Cuba

O comezo da viaxe

Os obxectivos

Outras actividades de formación: as charlas

A miña experiencia persoal

CONCLUSIÓN

INTRODUCIÓN

No momento de escribir estas liñas encontrámonos preparando a convocatoria da que será xa a quinta edición do programa Vacacións con Traballo. Un programa que iniciaba a súa marcha en 2006 e do que nos sentimos particularmente orgullos@s.

Cada ano catro técnicas e técnicos dos Concellos e Deputacións socios do Fondo Galego viaxan a un país do sur, onde colaboran coas entidades parceiras locais do Fondo, achegando os seus coñecementos especializados nun exercicio de transferencia e intercambio de coñecementos técnicos. Ademais, fiscalizan os traballos en curso e pasados da nosa asociación no terreo. Finalmente, á volta, a súa experiencia é difundida á cidadanía galega e ás entidades socias a través destes cadernos e de eventos públicos de diverso tipo.

Unha das principais virtudes consiste, pois, no reforzo das capacidades locais, que vai máis alá do puntual. Outra, no lento pero progresivo aumento nas administracións locais galegas da consciencia da situación de extrema necesidade que existe nos países do Sur, das súas causas e de como traballar para cambiar as cousas, con frecuencia con moi pouco esforzo, é posible e de xustiza.

Mais eu quixera chamar a atención sobre a dimensión máis persoal. Os anos dinnos que, sistematicamente, a experiencia supón un antes e un despois nas vidas d@s participantes. O cambio chega a ser moi visible mesmo nos seus rostros. Onde había unha expresión de seriedade, de estrés, de nerviosismo... aparecen caras máis sorrintes e relaxadas. Porque non só se entra en contacto coa humildade e coa pobreza, senón tamén con universos culturais diferentes e enriquecedores, con valores decote máis humanos que os que prevalecen nas nosas sociedades aceleradas e superficiais, con paisaxes de formidable beleza... con outros mundos.

Cuba, Perú, Nicaragua e Cabo Verde foron nestes anos os destinos de galeg@s decididos a participar desas pequenas accións, deses pequenos movementos de forza transformadora que supoñen as estancias de Vacacións con Traballo. Sermos capaces de articular estes movementos desde a administración local galega, tantas veces afogada economicamente e sempre sobrecargada de traballo, debe ser motivo para enchernos de orgullo.

É vontade deste pequeno caderno dar conta destes movementos, destas liñas de longa distancia, e desa retroalimentación permanente do ensinar-aprender. Déixovos xa cos relatos de Rosa, Marta, Sara e Jorge, que viaxaron á Illa de Brava en Cabo Verde, a Lima no Perú, a Somoto en Nicaragua, e a Santiago de Cuba, representando os Concellos de Xove, Cangas e Pontecesures, e máis a Deputación de Lugo. Relatos que falan do que se ve, e do que non se ve...

Alfredo Novoa
Presidente do Fondo Galego



VACACIONS CON TRABALLO EN CABO VERDE

DATOS BÁSICOS

SUPERFICIE: 4.030 km2. Está localizado no punto máis occidental do continente africano, a 600 km de Senegal. Son un total de 10 illas de configuración desértica, volcánica e tropical, divididas en dous distritos: as de **Sotavento**, situadas ao Sur (Santiago, Maio, Fogo e Brava); e as de **Barlavento** ao Norte (Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia, São Nicolau, Sal e Boavista).

A capital da República de Cabo Verde é a cidade de Praia, na illa de Santiago. O clima é árido, con veráns quentes e secos. Son frecuentes as secas, polo que resulta preocupante a escaseza de auga, afectando seriamente ás actividades agrícolas e gandeiras (só un 10% do solo está cultivado) Isto determina unha forte dependencia das importacións de alimentos. Existe tamén unha forte dependencia do exterior de hidrocarburos.

POBOACIÓN: 542.000 habitantes (estimacións ONU, 2008) O crecemento demográfico calcúlase nun 2% e a densidade de poboación é de 132 hab/km2. Un 58,9% da súa poboación vive en zonas urbanas. Un 40% da poboación é menor de 18 anos.

ALFABETIZACIÓN: 83%.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 71,7 anos. Decrece a mortalidade infantil e posúe a taxa máis baixa de infectados por SIDA/HIV en África (0,04%)

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): (0,708) posición 121 de 177 países, segundo o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

LINGUAS: Portugués e crioulo, unha mestura do idioma portugués con linguas africanas, da que cada illa de Cabo Verde posúe un dialecto propio. É igualmente falado na diáspora caboverdiana.

CONFIGURACIÓN RACIAL: Maioritariamente mestizos, produto da fusión de negros procedentes do continente africano e brancos, principalmente de orixe portuguesa.

RELIXIÓNS: Católica (98%) Presenza de credos autóctonos. Tamén existen comunidades de cristiáns protestantes do credo da Igrexa do Nazareno.

MOEDA: Escudo de Cabo Verde, dividido en 100 centavos. A convertibilidade é de €1: 110,26 escudos (xuño 2009)

PIB per cápita: $2.430 (Banco Mundial, 2008) Cabo Verde posúe un dos PIB per cápita máis elevados do continente africano, só por detrás de África do Sur, Gabón e Guinea Ecuatorial.

CRECEMENTO ECONÓMICO: 5,5% (2008). No período 2001-2005, o crecemento foi do 5,8% e segundo estimacións provisorias do Fondo Monetario Internacional (FMI), para o 2009 o crecemento terá sido de 8,5%. No 2008 oficializouse

o ingreso de Cabo Verde nos países con renda económica intermedia a nivel mundial. Non obstante, o país segue dependendo considerablemente da axuda exterior.

POBREZA: 30%.

DIVISIÓN DO PIB: sector primario 8,5%; sector secundario 16%; sector terciario 75,5%.

INFLACIÓN: 0,2% (2008).

INVESTIMENTOS DIRECTOS ESTRANXEIROS: 177 millóns de dólares (2008).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: Portugal, Países Baixos, Marrocos, España, Grande Bretaña, Italia, Coté d´Ivôire.

PRINCIPAIS RECURSOS: bananas, peixe, sector turístico, petróleo, sal e azucre.

INDEPENDENCIA: Tras cincocentos anos de dominio colonial portugués, a República de Cabo Verde declarou a súa independencia o 5 de xullo de 1975.





TESTEMUÑO DE ROSA LAGE

Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Xove. Cámara Municipal de Brava, Cabo Verde

A MORABEZA é o que define o carácter caboverdiano. O idioma galego non ten tradución, xa que significa ao mesmo tempo amizade, hospitalidade, simpatía a proba de bombas, cordialidade coas persoas forasteiras, alegría de vivir e pode que máis cousas aínda. Así coma o noso idioma, eu tamén me sinto con limitación de palabras para explicar a miña experiencia en Brava...

A DECISIÓN E A VIAXE A BRAVA

A posibilidade de participar no Programa de Vacacións con Traballo do Fondo Galego, que coñecín da man dunha amiga traballadora do Concello da Coruña, para min supoñía dar un paso máis no meu achegamento á Cooperación para o Desenvolvemento, que sempre me interesou e que considero de gran importancia e necesidade, por constituír, a meirande parte das veces, o único apoio co que contan moitas comunidades do Sur, que non poden chamar con resposta ás portas das súas Entidades Públicas. Con anterioridade participara no programa de "Vacacións Solidarias" da ONGD Solidaridad Internacional, ata tres veces, coñecendo a problemática centroamericana, en Honduras, Nicaragua e Guatemala.



Por todo isto, polo meu perfil e pola miña proximidade ao colectivo burelense de Cabo Verde, quixen viaxar aló, e cando souben que o Fondo tamén así o quería, a miña emoción e alegría foron maiúsculas.

Non me preocupaban nin as condicións de vida que eu tería alí, nin o feito de viaxar soa por primeira vez, pero si me supoñía moita responsabilidade que o meu traballo estivese á altura do que se esperaba de min.

O meu labor desenvolveríase na Cámara Municipal (Concello) de Brava e as opcións propostas eran variadas e amplas. Entre elas estaban unha programación de control interno da Cámara Municipal, un proxecto de irmandamento con La Palma e actividades cos Xardíns de Infancia da Cámara.

Unha vez chegada a Cabo Verde, penso que xa non deixei de sorprenderme ata tempo despois de voltar. O avión levoume a Praia, que é a capital e está situada na Illa de Santiago, alí esperábame o Presidente da Cámara (Alcalde) de Brava, don Camilo Gonçalves, con el asitín, apenas aterrada, a unha cea benéfica para recadar fondos para a horfandade e as persoas desprotexidas. A esta cea acudiron personalidades como a Ministra de Traballo, a Ministra de Cultura, o Embaixador Ruso, o Representante da Cooperación de Luxemburgo e o Representante da Cooperación Española. En concreto, eu compartín mesa coa Cónsul de EEUU, co Presidente da Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde (Parceiro do Fondo Galego de Cooperación), co Representante da Fast Ferry (Empresa que está a construír os barcos que unirán, previsiblemente, de forma rápida e con periodicidade fixa as illas), e por suposto con don Camilo Gonçalves. Ao día seguinte, partimos cara a illa do Fogo en avión, alí collemos un barco que nos levou a Brava, o meu destino para os seguintes 31 días.

Brava é a illa máis pequena das poboadas de Cabo Verde, ten 64 km2 e 9 km de diámetro. Conta, aproximadamente, cuns 7.000 habitantes. Desde o ano 2000 vén experimentando un incipiente desenvolvemento, pero pódense identificar múltiples carencias, entre as que destacaría as seguites:

- Falta de postos de emprego.
- Numerosa emigración de poboación activa, sobre todo cara aos EEUU.
- Deficiente sistema de transporte, tanto interno como entre illas.
- A nivel sanitario, contan con dous médicos, pero o feito de non ter un hospital dificulta ou imposibilita o procedemento nas urxencias que necesitan un ingreso, que se agrava polo mal sistema de transporte.
- Non hai unha cobertura total de abastecemento de auga e saneamento.
- Falta de formación académica da poboación e de posibilidades de formarse na illa máis aló dos estudos secundarios (tan só un 1,00% da poboación ten estudos secundarios).

O TRABALLO NA ILLA DAS FLORES

O meu primeiro día de traballo foi pouco produtivo, sobre todo porque eu aínda utilizaba o concepto galego de produtividade.

Barallei as distintas alternativas de colaboración propostas polo Presidente e decidín as que ía desenvolver, baseándome no tempo limitado que tiña, na concreción das demandas, nos medios dos que dispoñía e nas miñas capacidades. Tería tres liñas de actuación: desenvolver un programa de irmandamento coa illa canaria de La Palma, diagnosticar o estado dos xardíns de infancia da illa e, finalmente, asesorar na adecuación do Centro de Día para maiores.

Irmandamento con La Palma

Brava posúe unha ampla traxectoria en proxectos de irmandamento, protocolos e relacións de amizade entre cidades. Comezou a súa andadura nesta materia no ano 1995 e conta con 16 experiencias deste tipo con localidades de EE UU, Portugal, Italia e Brasil.

As áreas de traballo destas relacións son extensas e diversas, pero na súa maioría están baseadas na creación e mellora de infraestruturas e na ampliación de formación.



Con respecto á vinculación con La Palma, o Presidente xa tiña contactado, no ano 2002, coa Alcaldía de Santa Cruz e coa Fundación para o Desenvolvemento Canaria (FUNDESCAN) e, aínda que non chegaran a ningún acordo concreto, si acolleran positivamente a idea dun posible irmandamento. Entón, don Camilo propúxome a realización dunha memoria explicativa que fundamentase este proxecto.

Despois dun tempo de documentación sobre as dúas illas, comprobei que presentaban múltiples similitudes, sobre todo de carácter paisaxístico, histórico e cultural. Propúxenlle ao Presidente que centrásemos a área de traballo no desenvolvemento dun **turismo sostible**. A súa idea inicial era un desenvolvemento local máis xeral, pero pareceulle ben esta concreción. Para min foi fundamental esta decisión, porque para avanzar necesitaba concretar, sobre todo tendo un prazo de tempo tan limitado.

Brava conta con numerosas potencialidades para un Turismo Alternativo e de Calidade, onde os principais produtos a promocionar son os relacionados coa natureza, o deporte, a cultura e a gastronomía. **Debido ao esquecemento do que está espertando, a illa ten que partir practicamente de cero para desenvolverse turisticamente. Isto supón moito traballo, pero tamén supón a oportunidade de planificar meditadamente, aprendendo dos erros que se cometeron noutras zonas (en concreto dentro do propio Cabo Verde) e seguindo un modelo de Turísmo Sostible.**

Na illa de La Palma, a través da Alcaldía de Santa Cruz, Brava pretende apoiarse nas súas experiencias de turismo rural e desenvolvemento de produtos relacionados coa natureza e o deporte.

A memoria que elaborei explicaba un pouco todo isto: a fundamentación do irmandamento; os obxectivos que se pretendían; unha descrición de Brava: xeografía e natureza, historia, demografía, ocupación e problemática; as similitudes Brava - La Palma en canto a xeografía e clima, natureza (flora, fauna, orixe volcánica, praias e piscinas naturais e miradores), modo de vida (historia, festas populares, artesanía e arquitectura), rutas e sabores; a descrición da área de cooperación: desenvolvemento sostible do turismo baseado na natureza, o deporte e a cultura; a identificación dalgús actores importantes neste proxecto: Cámara Municipal de Brava, *Ayuntamiento* de Santa Cruz de La Palma, FUNDESCAN, Cabo Verde Fast Ferry, Agrupación de comerciantes e hosteleiros (que, aínda que non forman unha asociación, si se reúnen para a discusión de temas e adopción de acordos), emigrantes bravenses e outros investidores; e unha modesta análise DAFO do desenvolvemento dun turismo sostible en Brava no que se identificaban posibles iniciativas e produtos a promocionar.

O oito de outubro chegaron a Brava don Nelson (accionista principal da empresa Fast Ferry, que coñecera na Cea Benfica de Praia) e tres enxeñeiros holandeses da mesma empresa. Asistín á presentación que fixeron do seu proxecto navieiro. Están a construír os dous primeiros barcos catamarán, dunha frota de cinco, que empezarán por unir as illas, un para as de Barlavento e outro para as de Sotavento. Está previsto o inicio das viaxes Praia-Fogo-Brava para xuño de 2010 e previsiblemente o barco pernoctará en Brava, terá capacidade para mercadorías e 158 pasaxeiros e a duración do traxecto será de duas horas e media.

Unha iniciativa deste tipo é fundamental para o desenvolvemento da Brava en todos os aspectos, e no plano turístico en particular.

O 21 de decembro don Camilo aproveitou unha viaxe a Europa para facer escala nas Illas Canarias, reunirse de novo co Alcalde de Santa Cruz de la Palma, co Director Xerente e coa Responsable do Departamento de Cooperación Internacional de FUNDESCAN e presentar a memoria que eu redactara.

Xardíns de Infancia

Indicáralle ao Fondo o meu interese por adicarlle algún tempo ao traballo con nenos e nenas. Despois de acordalo co Presidente, esta iniciativa formou parte das liñas de colaboración propostas.



Elaborei unha ficha individualizada para recoller datos sobre as instalacións, equipamento, funcionamento, persoal, alumnado e posibles carencias.

Reuninme co Vereador (Concelleiro) responsable dos Xardíns e cunha das Coordinadoras, para coñecer o sistema de xestión e supervisión que se levaba a cabo e para que revisasen a miña ficha e suxerisen cambios. Despois, visitei os dez xardíns de Infancia da Cámara Municipal acompañada polo Vereador e a Coordinadora.

Cos datos das fichas individualizadas realicei un informe no que se identificaban as carencias que eu puiden observar e as manifestadas polo persoal. Entre elas destacaría o estado precario ou moi precario de tres destes xardíns: carecen de baños ou téñenos clausurados desde o inicio do curso. En concreto o de Mato Grande (unha aldea da illa) ten a cuberta chea de enormes fendas. A profesora explícame que cando chove (e este ano aconteceu máis veces das habituais en Brava), ten que dispor ao alumnado coas súas mesas salvando a chuvia que entra na aula e continuar a clase como pode. Outra sala pertencente ao mesmo xardín non ten cristais nas fiestras e nela almacénanse artiluxios alleos ao ensino que poden presentar perigos para as nenas e nenos, hai ata unha motocicleta.

As características das infraestruturas dos demais xardíns, baixo o meu punto de vista, son bastante aceptables, destacando o excelente estado do Xardín de Nossa Senhora do Monte debido ás contribucións de emigrantes da aldea en EE. UU.

Algunhas das conclusión do informe que se poden aplicar á totalidade dos centros son as seguintes:

- A formación das orientadoras é baixísima, tendo a gran maioría delas unicamente estudos primarios.
- Falta capacidade na maioría das orientadoras para desenvolver as clases e crear material didáctico.
- Falta de capacidade das orientadoras para establecer normas para o alumnado, por exemplo de orde, limpeza e concentración.
- Hai numerosas avarías que poucas ou ningunha vez reciben unha resposta adecuada, sobre todo nos baños.
- As orientadoras identifican como necesidade principal a falta de medios didácticos e lúdicos.
- A programación e seguimento da formación é planificada e supervisada.
- Na práctica esta programación e xestión non é seguida meticulosamente.
- A falta de medios e de formación do persoal intenta paliarse cunha boa coordinación, pero deixa moitas lagoas e na práctica depende só do interese da orientadora para desenvolver un bo traballo segundo o programado.
- A formación das coordinadoras é tamén moi baixa.
- É moi necesario un plan de actuación para a mellora dos Xardíns de Infancia, que actúe nas seguintes áreas:
    - Mellora das infraestruturas dalgúns Xardíns.
    - Mellora da formación das orientadoras.

- Mellora da formación das coordinadoras.
- Mellora do seguimento e control da xestión académica.
- Mellora da actuación ante incidencias, avarías, necesidades.
- Mellora no equipamento de material didáctico.



Algunhas destas melloras supoñen un investimento considerable, pero outras poderían levarse a cabo con pouco investimento. É o caso da mellora da coordinación e do equipamento de material didáctico. O que para nós aquí é unha pequena colaboración, alí pode constituír unha grande axuda.

Visitei dunha forma especial o Xardín da Vila porque non necesitaba transporte para chegar a el, e conseguir transporte non era moi doado. Alí desenvolvín unha actividade coa profesora dona Benilde para os nenos e nenas de catro e cinco anos.

Centro de Día para Maiores

Ao pouco tempo de chegar a Brava, a illa recibiu a visita da Señora Ministra de Traballo, Formación Profesional e Servizos Sociais e parte do seu equipo técnico. Durante a súa estadía compartimos pensión e mesa. Unha das súas misións foi coñecer o estado dun proxecto de Creación dun Centro de Día para persoas maiores. Acompañei á Comitiva a visitar a antiga Escola Infantil de Nossa Senhora do Monte que, despois dunha adaptación, será a sede do novo Centro.

Días máis tarde, coñecín a dona Anna Riga (arquitecta grega afincada en Praia), ela vai ser a encargada da elaboración do proxecto arquitectónico de reforma do edificio e foi a Brava para coñecer as características do inmoble.

Con respecto a este proxecto desenvolvín as seguites accións:

- Investigación e recompilación de documentación relativa ao funcionamento dun Centro de Día español, para o que recibín a axuda dunha amiga traballadora social en Vegadeo.
- Envío de recomendacións de edificación dun Centro de Día español a dona Anna Riga.
- Preparación de recomendacións de organización e funcionamento relativas ao Centro de Día de Nossa Senhora do Monte, adaptando as dun Centro de Día español
  - Infraestruturas.
  - Equipamento.
  - Instalación e servizos.
  - Dependencias.
  - Organización.
  - Plan de Intervención.

- Programas de Intervención mínimos.
- Metodoloxía e procedementos de traballo.
- Ficha Individual.
- Normativa de Réxime Interno.
- Responsabilidade Civil.
- Persoal Mínimo.

- Deseño de Ficha Individual de Ingreso en Portugués.
- Deseño de Informe Médico en Portugués.
- Deseño de Esquema de Organigrama.

SAUDADE

E o meu mes non me deu para máis traballo, aínda que estou en contacto coa Cámara e colaboro no que podo desde aquí e, se podo, así o seguirei a facer.

Remato con outra palabra caboverdiana: A SAUDADE. No galego existe o termo, pero o sentido que se lle dá nas illas convérteo nun concepto distinto: significa nostalxia da terra e da xente, pero coa alegría do recordo.

Desde que voltei de Brava, a miúdo volvo aló coa miña mente, saúdo os compañeiros e compañeiras da Cámara e ao Presidente, paseo ata a Fonte do Vinagre, vou comer totoco ao da María, doume un baño nas Piscinas Naturais de Faja D´Água e paro en Pór do Sol a tomar unha cervexa, a rir e a tratar de aprender, sen moito froito, un pouco da língua crioula coa xente da Vila.

Logo. Volto. Con moitas saudades.



VACACIONS CON TRABALLO NO PERU



DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República do Perú.

CAPITAL: Lima (7.605.742 habitantes)

SUPERFICIE: 1.285.216 km²

POBOACIÓN: 29.546.963 habitantes (xullo 2009). A densidade demográfica é de 21.958 hab/km². Un 71% da poboación habita en zonas urbanas.

É importante resaltar a existencia dunha poboación de refuxiados e desprazados internos, principalmente campesiños indíxenas das rexións andina e amazónica, calculada entre 60.000 e 150.000 persoas, principalmente vítimas da guerra interna que tivo lugar entre o Estado peruano e a guerrilla maoísta de Sendero Luminoso (1980-2000)

ALFABETIZACIÓN: 92,9% (Banco Mundial, 2008)

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 70,74 anos (Banco Mundial, 2008)

ENFERMIDADES EXISTENTES: alto risco de hepatite A e febre tifoide.

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): (0,806) (posto Nº 78 entre 177 países. Nivel alto) segundo o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, PNUD (2008).

LINGUAS: Español e quechua (oficiais). Tamén se falan outras linguas aborixes, como o aimara e outras de orixe amazónico.

CONFIGURACIÓN RACIAL: amerindios (45%); mestizos (principalmente mestura do amerindio e o branco, 37%); brancos (15%); xaponeses, chineses e outros (3%)

RELIXIÓNS: Católica romana (81,3%); Evanxélicos (12,5%); outras crenzas (3,3%) outros non especificados ou non relixiosos (2,9%) Datos do Censo Nacional 2007.

MOEDA: El Nuevo Sol. Cotización: 1 Nuevo Sol = 0,2343 euros (21/10/2009)

PIB PER CÁPITA: US$ 8.500 (estimacións 2008, CIA World Factbook)

DÉBEDA PÚBLICA: 24% do PIB (estimacións 2008, CIA World Factbook)

DESEMPREGO: 8,1% (estimacións 2008, CIA World Factbook)

POBREZA: 44,5% (Banco Mundial, 2008). A ONU publicou en outubro de 2009 un relatorio onde dá conta dunha redución da pobreza extrema ata o 12,3%.

DIVISIÓN DO PIB: agricultura (8,5%); industria (fabricación, 21,2%); servizos (70,3%).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: EEUU, China, Brasil, Canadá, Xapón, Chile, Ecuador, Arxentina, Colombia.

PRINCIPAIS RECURSOS: cobre, ouro, zinc, petróleo cru e refinado, peixe, café, téxtil, produtos agrícolas.

DATA DE INDEPENDENCIA: 28 de xullo de 1821, independencia política do Imperio español.





TESTEMUÑO DE MARTA RICHARTE

Técnica Media de Apoio Social do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas. Tierra de Niños, Perú

Cando me sentei a redactar a memoria sobre a miña colaboración no Perú coa ONG "Tierra de Niños", a verdade é que non sabía por onde debía comezar. Innumerables ideas viñan á miña cabeza, e era imposible ordenalas e seguir un criterio para intentar redactalas, pero aínda así, e dalgún xeito, intentarei, da forma máis sinxela e explicativa, comezar a expoñelas para que poidades ser partícipes da miña experiencia.

A DECISIÓN

Eu son educadora social no Concello de Cangas. Neste Concello formo parte dun equipo multidisciplinar de traballo dentro do Centro Municipal de Benestar Social. No primeiro ano que eu comecei a traballar, dende dito equipo, e con moita ilusión aínda que con moi poucos contactos e poucos recursos económicos, comezamos a organizar unhas Xornadas Interculturais: Crecendo na Diversidade (aproveito para difundilas e invitarvos a todos/as a participar nelas). Estas xornadas concrétanse en diferentes actividades dirixidas tanto ós centros educativos como a poboación en xeral e tratan sobre a interculturalidade, solidariedade, igualdade... A raíz de organizar ditas actividades contactamos cada ano con diferentes ONG, invitándoas a participar nas actividades educativas e

na festa final. Despois de coincidir en varias ocasións con ONG que organizaban diferentes vacacións con traballo, decidinme a pensalo máis seriamente e "lanzarme" a participar dun xeito diferente e algo máis enriquecedor, ao meu parecer, no meu tempo de lecer. Deste xeito, funme a Cuba, e o ano seguinte a Marrocos. Iso si, cun grupo de xente escollido dende a ONG, cun/ha coordinador/a, e sen uns obxectivos e unha responsabilidade individual tan directa, tan só formaba parte dun grupo xa organizado.



Neste ano 2009, e dado que na miña familia existen diferentes vínculos co Perú, tiña moi claro que o meu destino sería este. Púxenme de novo en contacto coas ONG de referencia a principios de ano, para intentar facer a miña viaxe, e case por casualidade e ao mesmo tempo, caeu tamén nas miñas mans a convocatoria do Fondo Galego. O meu director, como fai de costume, colgou a convocatoria no taboleiro, e cando a ollei, non o podía crer. Aparecía como destino o Perú e buscaban un perfil como o meu; son educadora social e psicopedagoga.

Sen dubidalo, fixen o currículo e escribín a miña carta de motivación, con moita ilusión iso si, pero con moi pouca esperanza. Unha viaxe de forma individual e cunha responsabilidade máis directa sobre o meu labor como parceira. Era unha oportunidade perfecta e parecíame imposible que fora para min. A miña sorpresa foi maiúscula cando me comunicaron que eu era a persoa seleccionada. "Eu?" dixen, "que é o que teño que facer? Como vou? Cando vou?". Un mar de dúbidas viñéronme enriba, pero tiña moi claro que eu ía dar e intentar facer todo o que puidera. Púxenme en contacto co Fondo Galego e, xa máis tranquila, asimilei a boa nova: participar nunha viaxe eu soa e, por fin, ao Perú, o destino tan ansiado.

Poucas semanas despois, o Fondo recibía a visita da contraparte do Perú. Co cal, coñecín en Cangas a parte do equipo de "Tierra de Niños": a Tatiana Rubio (coordinadora), Henry Cooper (administrador) e Jose María López (relacións exteriores). Xantamos xunto a Moncho (representante por aquel entón do Fondo Galego, e ao que espero lle vaia xenial no seu novo destino: Palestina), e unha vez os vin transmitíronme tranquilidade e unha boa sintonía, co cal, con moita máis motivación, prepareime para a miña viaxe.

A VIAXE

Partín o 2 de novembro, chegando o día seguinte ao Perú coa ilusión de formar parte de algo, dar o mellor de min e co enorme medo que dá a dúbida de saber se serás todo o útil que queres ser.

Despois dun tempo de espera no aeroporto, veume buscar parte do equipo de "Tierra de Niños". Levei unha grata ledicia ao mirar a Henry Cooper, que me levou á casa onde me ía aloxar durante a miña estadía no Perú. Era a casa da coordinadora da ONG, Tatiana Rubio. Ó chegar alí, e despois de acomodar as miñas pertenzas, veu recollerme Xose María (o meu compatriota) para convidarme a xantar. Explicoume un pouco a súa vinculación coa ONG (fora voluntario sete anos atrás) e o seu papel como traballador dende había uns meses. A verdade é que foi moi gratificante, primeiro encontrarme xa cun español (era como sentirme na casa) e, despois, que estivera traballando con tanta ilusión e dedicación con "Tierra de Niños". Iamos formar parte do mesmo equipo de traballo. Creo que vin pouca xente que estivera tan comprometida e orgullosa do seu traballo como Xosé María.

Despois deste día de relax (todo un engano porque despois empezaría un ritmo vertixinoso de traballo), adiantáronme que ao día seguinte recolleríanme ás 8:15 para comezar en "Villa El Salvador", distrito de Lima Sur onde estiven durante as dúas primeiras semanas.

O TRABALLO EN TIERRA DE NIÑOS

Pouco a pouco fun coñecendo e profundizando nesta ONG. **"Tierra de Niños"** é unha organización para o desenvolvemento que ten como misión promover e fortalecer a autonomía e o protagonismo social dende e cos nenos /as. E ten como fin a defensa e promoción dos dereitos fundamentais da infancia e a xuventude no Perú. Ten diferentes sedes ao longo de todo o Perú: Villa El Salvador, Huancavelica, Pachacamac, Ventanilla, Ayacucho, Apurimac e Caja Marca.



Dada a extensión e a distancia entre todos estes puntos, foime imposible visitar e participar en todos os proxectos. A continuación farei mención dos que si visitei e nos que participei activamente. Dende esta filosofía, e tendo en conta o interese superior do neno, cheguei a "Villa El Salvador".

Alí, en **Villa El Salvador**, estábase levando a cabo o **"Proxecto Proniño"**. O proxecto lévao a cabo Telefónica coa colaboración de diferentes ONG. Unha delas, claro está, Tierra de Niños. Con este proxecto preténdese que os nenos/as e mozos/as en idade escolar deixen de traballar, desenvolvendo e fortalecendo habilidades cognitivas e sociais. Ao tempo que se promove sensibilizar as familias sobre as consecuencias negativas do traballo infantil. O meu traballo consistía en realizar diferentes entrevistas aos nenos/as que ían acompañados sempre dun adulto (nai, pai, avó/s, avoa/s, irmáns maiores...) para dalos de alta no programa e constatar se realmente estaban traballando. O primeiro día quedei impresionada ao constatar como nenos/as de tan só 4 anos están traballando (entendendo por traballo aquela actividade remunerada que desenvolven sós, soas ou en compañía das súas familias). A medida que pasan os días, aínda que pareza incrible, chegas a comprendelo, e entendes como esas persoíñas teñen que madurar, polas súas circunstancias, moi rapidamente, deixando a miúdo de ser rapaces/as a tan temperá idade. A maioría traballan para axudar na economía familiar, e como tal, veno como algo normalizado e habitual. A situación deste distrito é en moitas ocasións de extrema pobreza. Os seus veciños/as foron realizando diferentes asentamentos con vivendas que en moitas ocasións carecen das condicións mínimas de habitabilidade (non existe baño, nin auga e dormen no mesmo habitáculo cinco ou seis persoas, non existindo un espazo de intimidade nin para nenos/as nin para adultos). Ademais, neste proxecto, inténtanse sensibilizar os pais e nais ante diferentes lesións, cicatrices ou amputacións derivadas do traballo infantil.

Unha vez realizada a entrevista e a alta, e sempre e cando a familia participe e cumpra con certos requisitos do programa (empadroarse, participar en reunións, alcanzar os obxectivos escolares...) proporcionaráselles o uniforme para o colexio, así como diferentes materiais educativos para poder desenvolver e fortalecer en todos/as rapaces/as a necesidade de participar na escola para abandonar gradualmente o traballo. O obxectivo final do proxecto é paliar as situacións de risco social e laboral en nenos/as e adolescentes promovendo a inclusión dos mesmos na vida familiar, comunitaria e escolar.

Ademais de participar nas entrevistas en Villa el Salvador, propúxoseme participar impartindo un curso de capacitación para voluntarias que traballarían dando clases de reforzo escolar nos colexios da zona. Ao redor de 25 rapazas (todas elas mulleres) participaron durante diferentes tardes nos obradoiros de capacitación en habilidades sociais que eu impartía. Tiñan moita gana de participar e involucrarse no proxecto, aínda que moitas delas carecían de estudos ou carreiras enfocadas ao traballo con nenos/as; sobráballes motivación e, sobre todo, dedicación e implicación, e numerosas ideas para realizar e innovar no traballo diario cos rapaces/as.

Nos obradoiros, e dadas as demandas existentes polas voluntarias, realizamos diferentes xogos de entretemento dividíndoos en: presentación, coñecemento, afirmación, confianza, comunicación, cooperación e resolución de conflitos. Os nenos/as no Perú, en moitos dos casos, non saben xogar. Si, resulta duro, quizais incompresible dende o noso entorno e comunidade, e claro está, moi diferente, pero é que en realidade non teñen tempo de lecer nin compañeiros/as de xogo (dedícanse a traballar).

Unha vez coñecín a realidade social en Villa El Salvador, o segundo lugar onde me desprazaron para realizar os obradoiros de voluntarias e voluntarios (xa había rapaces) de capacitación de reforzo escolar foi **"Caja Marca"**. Está situada ao norte do territorio peruano, na cadea occidental dos Andes, e abarca zonas de serra e selva. Dende Lima tardamos en torno a 15 horas en chegar (as estradas e infraestruturas non son demasiado boas).

O primeiro día pola mañá tiñamos a entrega, nun dos centros educativos, do uniforme escolar (camiseta, pantalón, chaqueta e tenis) a todos os/as alumnos/as de primeiro e segundo grado. Ademais, dita entrega complementábase co agasallo dun bolo e un zume. Todo este acto estaba mesturado con diferentes xogos de balonmán realizados por diferentes compoñentes do equipo feminino nacional deste deporte. As mesmas deportistas repartían os agasallos de comida e bebida a cada un dos/as alumnos/as. Pola tarde, e novamente con diferentes voluntarios/as, continuamos co obradoiro de capacitación en habilidades sociais para realizar actividades de reforzo escolar nos centros educativos. A maioría dos participantes eran xa estudantes de universidade nos últimos anos que colaboraban nas actividades desenvolvidas por Tierra de Niños en Caja Marca. Ademais, o día seguinte visitamos dous centros educativos onde nos reunimos cos profesores/as, director/a e claustro escolar existente, para intentar acordar posturas, resolver dúbidas e determinar a duración do proxecto ao ano seguinte (no Perú no mes de decembro comeza o verán e con isto as vacacións escolares).

O terceiro lugar a visitar, foi **"Cañete"**. Alí realizamos obradoiros para mulleres líderes emprendedoras. Cañete, situado a 144 km ao sur de Lima, pola estrada Panamericana, ten diferentes poboacións a máis de 4.000 metros de altura, as cales están practicamente illadas e onde as mulleres están exclusivamente recluídas e encomendadas á cría dos/as fillos/as e o coidado da casa. Durante tres días, realizamos diferentes obradoiros de capacitación para mulleres líderes en tres poboacións dispersas e a unha altura onde inevitablemente o mal de altura fixo efecto en min. Grazas a unha das participantes, que me levou á súa casa, e me deu un mate de coca (por certo, que fixo o efecto desexable) puiden seguir cos obradoiros sen ningún mareo nin malestar. Nestes obradoiros, de catro horas de duración, combinábase a cociña. Durante as dúas últimas horas realízase un obradoiro de gastronomía dirixido por un recoñecido cociñeiro de Lima, no que finalmente todas degustaban o alimento cociñado. E nas dúas primeiras horas, realizabamos o obradoiro de mulleres líderes, no que eu participei activamente. Neste obradoiro intentabamos que as mulleres saiban, coñezan e participen, na medida do posible, na vida cultural, social e económica das súas poboacións. O obxectivo final é que entre todas, e facendo un estudo previo, implanten e organicen unha empresa na que poidan traballar fóra dos seus fogares. Ao mesmo tempo, e a un nivel inferior, ditos obradoiros servían como medio de reunión, comunicación, e punto de encontro entre as mulleres das zonas rurais máis afastadas de Cañete.

Por último, e xa coa chegada de Ester Castro, técnica de proxectos do Fondo Galego de Cooperación, visitamos a oficina de **"Ventanilla"**, outro dos distritos de Lima onde a ONG Tierra de Niños conta cunha oficina. Alí visitamos unha escola de educación inicial en Pachacutec. Ao redor de 25 nenos/as estaban a crear os seus propios vestidos, acompañados dunha coidadora e unha nai dos rapaces (cada día unha nai asistía para axudar a profesional, dado o volume de rapaces por unha única persoa). Ademais, fomos visitar unha das mulleres participantes no programa de familias saudables que, por cumprir coa súa asistencia e participación no programa, era unha das familias candidatas para a realización dun cambio na súa vivenda (ían lle reformar a parte frontal da vivenda). Por último, visitamos a casa da Xuventude en Pachacutec, centro de reunión dos /as rapaces/as, onde realizaban obradoiros de zancos, habilidades, cine, teatro, malabares....

Os últimos 3 días, visita obrigada a Machu Picchu e Cuzco. Para realizar un bo final do meu mes de traballo, os últimos días despraceime para coñecer Machu Picchu como unha turista máis. Machu Picchu é considerada ao mesmo tempo una obra mestra da arquitectura e da enxeñería.O 7 de xullo do 2007, Machu Picchu foi declarada unha das nove marabillas do mundo nunha cerimonia realizada en Lisboa, Portugal, e a verdade é que foi o mellor colofón a miña experiencia no Perú.

VOLTA A CASA

Para rematar só sinalar que:

Se tivera tempo infinito **contaría palabra por palabra as miles de historias de vida que coñecín alí, as experiencias inesquecibles vividas, porque o importante de todo isto non é a miña experiencia, non son eu, senón as vidas daqueles/as que día tras día seguen loitando no Perú por mellorar a calidade dos nenos/as e mozos/as mediante a promoción e fortalecemento da autonomía e protagonismo social de cada un/ha deles/as.** Grazas por deixarme sentir unha máis de "Tierra de niños/as", e grazas a cada un e unha de vós por ser así, por loitar dunha forma tan transparente pola infancia e a xuventude do voso país. Dende Galicia, dende Cangas e como sabedes e se di: existe un/ha galego/a en todos os lugares, e un anaco de min, estará sempre con "Tierra de Niños". Grazas por todo e mil apertas.

VACACIONS CON TRABALLO EN NICARAGUA



DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Nicaragua.

CAPITAL: Managua (1.850.000 habitantes)

SUPERFICIE: 130.370 km². É o país con maior superficie de América Central, localizado entre o Océano Pacífico e o Mar Caribe, fronteirizo con Honduras e Costa Rica.

Nicaragua posúe unha notable biodiversidade xeográfica, con rexións volcánicas, montañosas e de alta pluviosidade. Non obstante, existen problemas ambientais derivados da polución marítima, da deforestación e da erosión do solo.

POBOACIÓN: 5.168.098 persoas (Censo Nacional, 2005). Non obstante, no seu relatorio de 2008, o Banco Central de Nicaragua cifra esta poboación en 5.668.877.

O crecemento demográfico calcúlase nun 1,78%. Un 57% da súa poboación vive en zonas urbanas. A densidade demográfica é de 42,7 hab/km². Existe unha poboación inmigrante de aproximadamente 30.000 persoas, sobresaíndo grupos emigrantes de orixe armenio, xudeu, palestiniano, libanés e sirio.

ALFABETIZACIÓN: 88,4% (Banco Mundial, 2008). En novembro de 2008, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) anunciou que Nicaragua estaba realizando "pasos avanzados e positivos" por alcanzar o rango de "territorio libre de analfabetismo", debido á efectividade da ampliación dos seus programas educativos, que lograron reducir a menos do 5% a taxa de analfabet@s.

O 22 de agosto de 2009, o presidente Daniel Ortega anunciou publicamente que Nicaragua alcanzaba o rango de país "libre de analfabet@s". Posteriormente, o Ministerio de Educación reafirmou estas declaracións, considerando que o país alcanzaba formalmente o rango de "totalmente libre de analfabetos", após reducirse esa taxa a menos do 0,5%.

Non obstante, nun comunicado emitido o pasado 13 de setembro, a representación da UNESCO en Managua non avalou estas declaracións públicas do goberno nicaraguano, considerando que Nicaragua é un país "máis ou menos alfabetizado", aínda que recoñece o positivo logro do goberno de Ortega de reducir a taxa de analfabetos a menos do 3,5% da poboación.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 73,5 anos (Banco Mundial, 2007)

SAÚDE PÚBLICA E ENFERMIDADES: En Nicaragua existen diversas enfermidades comúns que cobran un número considerable de vidas humanas. Nese sentido, atópanse certos niveis de proliferación de malaria, diarrea, hepatite A e febre tifoide. Cumpre tamén tomar en conta os estragos socioeconómicos e sanitarios causados polo paso de furacáns na súa costa caribeña.

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): (0,699) posición 124 de 177 países (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, PNUD, 2008)

LINGUAS: a lingua oficial é o español, falado polo 97,5% da poboación (Censo Nacional, 2005) Existen comunidades que falan o inglés, o crioulo, o miskito (lingua das comunidades aborixes, principalmente localizadas na costa caribe, falada por un 1,7%) e outras linguas das comunidades indíxenas aborixes (sumu, rama, garífuna)

CONFIGURACIÓN RACIAL: mestizos (69%); brancos (17%); negros (9%); amerindios (5%). Segundo estatísticas oficiais do Instituto Nacional de Información e Desenvolvemento (INIDE), a distribución racial é a seguinte: miskitos (27%); mestizos da costa caribe (25%); outros (brancos, mestizos, 25%); comunidades indíxenas Chorotega-Nahua-Mange (10%); crioulo (kriol, 5%); Xiu-Sutiava (5%); Cacaopera-Matagalpa (3%)

RELIXIÓNS: católica (58,5%); evanxélicos (21,6%); moravianos (protestantes da Irmandade Moraviana, 1,6%); Testemuñas de Xehová (1%); outras (1,7%)

MOEDA: Córdoba ouro (Conversión de 100 Córdoba Ouro: 3,14 euros)

PIB PER CÁPITA: US$ 2.900 (Banco Mundial, 2008). Segundo estatísticas do Banco Central de Nicaragua, o índice é de US$ 1,122 (setembro 2008).

CRECEMENTO ECONÓMICO: 2% (estimacións Banco Central de Nicaragua, 2009).

DÉBEDA PÚBLICA: 53,2% do PIB.

DESEMPREGO: 5,6% da poboación economicamente activa (estimacións CIA World Factbook, 2008). Estímase que existe un 46,5% de poboación subempregada.

POBREZA: 48% (PNUD, 2008).

DIVISIÓN DO PIB: agricultura (16,9%); industria (25,8%); servizos (57,3%).

INFLACIÓN: 19,8% (Banco Mundial, 2008). O Banco Central de Nicaragua cifra este índice en 13,8% (2008).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: EEUU, O Salvador, Honduras, Costa Rica, México, Venezuela, Guatemala, China.

PRINCIPAIS RECURSOS: ouro, prata, cobre, tungsteno, zinc, pesca.

DATA DE INDEPENDENCIA: 15 de setembro de 1821 (independencia do Imperio español)



TESTEMUÑO DE SARA PÉREZ

Traballadora do Departamento de Benestar Social da Deputación de Lugo. Instituto de Promoción Humana - Somoto, NICARAGUA.

Antes de relatar a miña experiencia, quero agradecer dende o corazón esta gran oportunidade. Dende hai moitos anos tiña o desexo de participar na cooperación, e foi o Fondo Galego, a través do Programa "Vacacións con traballo", o que o transformou nunha realidade, nunha vivencia inesquecible; un antes e un despois no meu camiño pola vida. Son tantas as sensacións, os sentimentos atopados, as veces ao día que te reformulas o teu xeito de vivir... Sénteste afortunada e afastada á vez da esencia, da Natureza, e esta é unha aprendizaxe de Humanidade. Teñen un capital humano tan grande que ás veces logra desdebuxar todas as carencias materiais. Nunca esquecerei os sorrisos das nenas e nenos, o agradecemento da xente, a espontaneidade do compartir: non ven unha laranxa, senón oito ou nove anacos dela. A calma coa que transcorre todo faiche esquecer a escravitude do reloxo, e conéctate co ritmo que vai marcando a luz do día e a escuridade da noite... Non teño palabras que poidan transmitir o que o día a día te vai agasallando...

DE MANAGUA A SOMOTO

Despois dunha longa viaxe, con parada nos USA, cheguei a Managua, capital de Nicaragua. Non tiven moi bo comezo, por "contratempos do directo". Cando



saín da vidreira do aeroporto xa non había ninguén agardando por min. Tiven que facer unha reclamación pola equipaxe. Tardei en solucionalo e pensaron que non chegara nese avión. Dirixinme moi nerviosa á oficina de atención ao pasaxeiro, onde todo foron atencións. Finalmente todo se resolveu, pero nesta primeira aventura puiden sentir a proximidade e a gran amabilidade da xente nicaraguana. É ben certo que non hai mal que por ben non veña!

Reapareceu D. Luís a recollerme. É un dos fundadores do INPRHU (Instituto de Promoción Humana de Nicaragua), onde eu desenvolvería o meu labor de cooperación. Foi un recibimento moi cálido. É unha persoa que irradia unha gran bondade; tiven a fortuna de coñecelo dentro e fóra do proxecto, como compañeiro e amigo. É moi humano, activista, coñecedor da situación do país, moi involucrado e partícipe na defensa dos dereitos do ser humano. Esa noite durmimos na casa da súa nora entre conversas, pensando no que me agardaba...

Ao día seguinte partimos cara Somoto, vila na que se atopa a sede do INPRHU, situada a unhas tres horas e media da capital, non sen antes dar unha volta por Managua, onde me levou a moitos lugares característicos onde non van os turistas cando viaxan nunha excursión organizada. Impresionáronme as pegadas do terremoto do 1972 que asolou a cidade. Alí conviven a carón de grandes construcións e do latexar dunha activa e superpoboada urbe.

No camiño comezou a chover como se o ceo se abrise. Iamos por unha estrada en bo estado, a Panamericana, que atravesa toda Centroamérica, mais en varias ocasións tivemos que parar a camioneta, xa que non se vía nada tras o parabrisas. D. Luís explicoume que estabamos sufrindo os últimos estertores do furacán Ida. De vagariño, a choiva amainaba e deixábame gozar da marabillosa paisaxe, dunha vexetación verde e frondosa. Malia que as altas temperaturas non eran referente, estabamos en pleno inverno (teñen só dúas estacións: inverno ou estación chuviosa, e verán ou estación seca).

A media tarde chegamos ao meu destino. Xa me informaran de que me ían aloxar na casa de Cesia, unha compañeira do INPRHU. Saíron todos a recibirme. Cesia, o home da casa, seu irmán e a súa avoa, unha muller duns setenta anos de cabelo moi branco, pel morena e un sorriso que transmitía unha gran tenrura. Era unha gran especialista, con sona en toda a vila, na elaboración dos "tacos", tortas de millo recheas de polo, fritidas e acompañadas dunha salada de repolo e cenoria. Penso que nunca esquecerei ese sabor delicioso!

De **Somoto** dicir que é unha rexión tranquila, capital departamental de Madriz, situada no norte de Nicaragua, perto da fronteira con Honduras, coñecida popularmente como a capital da Amizade polo atentos, solidarios, amigables, solícitos e respectuosos que son os somoteños. Sona que eu ben puiden comprobar durante a miña estadía na vila. A tranquilidade que se respira mestúrase cun activo centro urbano cunha gran rúa central na que se concentra a actividade diaria. As beirarrúas están cheas de postos de venda, sobre todo froitas e verduras, unha perdición para os sentidos: piñas, papaias, sandías, laranxas, bananas de todas as clases e tamaños, iucas, mansiles, aiotes, remolacha doce, mangos...

A miña viaxe caeu ben no tempo, xa que en novembro gocei da festa da constitución do Departamento de Madriz e do antroido nicaraguano, diferente, pero igualmente festeiro. Quen poida acudir non debe perdelo.

O INPRHU E O PROGRAMA AMIGOS SOLIDARIOS

No eido da gran desprotección e na ausencia de políticas de apoio social, nace **no 1966 o INPRHU**, organización que traballa coa sociedade civil, dedicada á poboación das áreas (sectores) máis desfavorecidos, que viven (ou mellor dito, sobreviven) baixo o limiar da pobreza, pretendendo mellorar as súas condicións de



vida, loitando polos seus dereitos fundamentais e capacitándoos cara a súa autonomía e autoxestión. Tamén traballan nas comunidades máis pobres e nas indíxenas, recuperando a súa identidade: lingua, agricultura (sementes autóctonas)... tras tantos anos de esquecemento e sometemento.

Centran a súa actividade en dúas áreas fundamentais que á súa vez están interrelacionadas: **PRODER**, no que se aglutinan todos os programas de **desenvolvemento rural**, e **PRODDHUM**, no que se desenvolven todos os programas relacionados cos **dereitos humanos.** Dentro desta liña está o proxecto **"Amigos solidarios",** no que participei durante as catro semanas da miña estadía, formando parte dun equipo que, dende o primeiro día, tratoume como se fose unha máis, facéndome partícipe de todo canto acontecía.

Puiden experimentar a esencia do traballo en conxunto, todas as achegas eran consideradas para a posta en marcha das diferentes actividades e obradoiros. Foi unha grande aprendizaxe a todos os niveis. Estou moi agradecida e síntome afortunada por compartir con eles moitos momentos de gran intensidade e significado no meu crecemento persoal. Transmiten que o traballo vai moito máis aló dun horario, dunhas obrigas, sendo ese o seu modo de entender e vivir a vida. A Jeannette Escobar, a coordinadora; a Rafael, o doutor; a Everto, Cesia, Chilito, Niobel e Luz Marina: grazas. Foi un pracer compartir con eles esta experiencia.

O primeiro día fixen un percorrido por todos os departamentos que fan posible o PRODDHUM para coñecer o labor que estaban a facer nos demais programas. Son moitísimos traballadores na execución de diferentes actividades: "Defensoría", "Famisalud", "Trabajo Infantil"... Todas elas interrelacionadas nun obxectivo común: a loita e a defensa dos dereitos humanos. Tamén visitamos os diferentes centros que forman o INPRHU. Seguindo un principio básico na forma de traballar: non hai bo traballo sen unha boa planificación, Jeannette xa me tiña preparado un almanaque para cada unha das catro semanas. Todas a accións do proxecto "Amigos Solidarios" van encamiñadas a mellorar as condicións de vida de 1.200 nenas e nenos e as súas familias, situadas nunha zona semi-urbana marxinal, composta por 6 barrios e coñecida como **"Barrios Unidos",** a través da implementación de procesos de desenvolvemento integral dirixidos a resultados concretos, onde a poboación sexa a protagonista dos seus propios logros.

Para lograr o seu obxectivo, á parte do equipo técnico, apóianse en persoas dos barrios que facilitan as accións e os procesos: mestres, educadores, referentes comunitarios (capacitados polo proxecto), e que fan un labor sen o cal non sería posible chegar ás necesidades diarias do barrio e sen o cal, en moitos casos, tampouco sería posible intervir.

Teñen proxectada unha intervención nun prazo de 6 anos: 2006-2011, para garantir o desenvolvemento de capacidades locais, co fin de acadar unha fase de transcendencia de acordo a un perfil de saída preestablecido, e, á vez, EVITAR a dependencia e o asistencialismo que proxectos de moito tempo de intervención corren o risco de provocar na poboación. Esta é unha premisa presente en todas as actuacións que se levan a cabo, sendo testemuña e participando nos mecanismos e estudos dirixidos sempre cara a autonomía dos participantes. Debido a que a miña filosofía de traballo vai por ese camiño – non dar peixe, senón ensinar a pescar– foi moi instrutivo e gratificante traballar neste eido.

Outra premisa á que van encamiñadas todas as actividades é a de que cada participante sexa o protagonista do seu propio cambio, da defensa dos seus dereitos e da súa proxección de vida. Fundamental para que a longo prazo haxa sostenibilidade nos logros e seguimento das accións por parte das comunidades, de maneira organizada, con capacidade de xestión e empoderando os seus dereitos.

Dende o proxecto tamén se facilitan e/ou apoian procesos de desenvolvemento humano sostible, en coordinación con outros proxectos que inciden na área tanto do propio INPRHU como doutros organismos e institucións gobernamentais e non gobernamentais (como Plan Nicaragua, que tamén traballa coa poboación infantil da vila) para fornecer e ás veces complementar os recursos (humanos, materiais,...).



O proxecto Amigos Solidarios debe o seu nome a que dentro do mesmo se desenvolve un programa de apadriñamento de nenas e nenos da comunidade a través da organización Children Fund, do Canadá. As familias beneficiadas son escollidas pola organización da comunidade, líderes e membros da mesma, capacitados polo INPRHU para detectar e priorizar os participantes. Son familias que se atopan nun alto grao de vulnerabilidade, con nenas e nenos en idades entre 0-10 anos, que están de acordo en adquirir compromisos no que se refire a participar activamente dentro do proxecto e en todas as actividades que o programa de patrocinio require. Puiden participar na elaboración da ficha persoal dun neno que se incorporaba ao apadriñamento e na revisión e actualización anual que se fai de todos os participantes: datos persoais, de saúde, académicos, familiares... Ao remate do ano, as familias mandan unha foto ao padriño, fotos que iamos facer familia a familia, barrio por barrio, traballo que é moi laborioso e á vez moi gratificante e emocionante. Sen coñecerse persoalmente, establécense vencellos moi fortes, dende un agradecemento ás persoas que están facendo posible unha mellora na súa calidade de vida.

Eu tiña moito interese por coñecer e participar neste eido, xa que era un camiño de colaboración que espertaba en min, á vez que curiosidade, unha certa desconfianza en canto á xestión e o destino dos fondo. Así, puiden ser testemuña do gran traballo que hai detrás desta mediación, da transparencia da xestión e da eficacia na súa utilización. Recibimos a carta dun padriño na que facía chegar a intención de mellorar a vivenda do seu apadriñado, xa que, coñecendo as condicións da mesma, quería facerse cargo de poñer o solo na vivenda. Desprazámonos ata o barrio a dar a nova. Foi moi duro e á vez moi emotivo. A única foto que colgaba na parede era a do padriño, un máis da familia. Fixemos fotos; o albanel que nos acompañaba fixo as correspondentes medicións para elaborar o orzamento, e nos días seguintes comezou a obra. Unha vez rematada, volvemos visitar a familia. Compartimos unha taciña de café, e reunimos as fotos do "antes" e o "despois" que, acompañadas dun informe e dunha carta de agradecemento que nos ditou a nai de Marlon, foron enviadas ao padriño...

Para acadar as súas metas, AMIGOS SOLIDARIOS executa actividades seguindo **cinco eixos de traballo**, complementados entre si cunha participación activa das familias, especialmente nenas, nenos e adolescentes:

1. A través da EDUCACIÓN FORMAL E NON FORMAL: realízanse obradoiros e actividades encamiñadas a promover a escolarización, o acceso e a permanencia dentro da escola formal e técnica para nenas, nenos, adolescentes e adultos. Estaban organizando unha campaña de sensibilización. Falamos moito sobre a importancia da escolarización como base para o desenvolvemento e realización individual e comunitaria.

2. Na área de SAÚDE E NUTRICIÓN: realízanse accións encamiñadas a contribuír á mellora dos niveis de saúde física e psicolóxica, á mellora dos niveis nutricionais das nenas e nenos, adolescentes e as súas familias. Facilitan procesos e prácticas de prevención en saúde e nutrición, poñendo a énfase nos factores de risco e protección contra o VIH-SIDA. Tamén se apoia o acceso a asistencia médica, psicolóxica e a menciñas nos casos prioritarios.

3. Outra área de intervención do proxecto é a que se refire ao DESENVOLVEMENTO DE MICROEMPRESAS – MEDIOS DE VIDA SOSTIBLES, con accións dirixidas á sensibilización e capacitación sobre a importancia de xerar fontes de ingresos familiares propias, promovendo a organización de nais de familia

para o desenvolvemento de microempresas, apoiando con materiais e/ou fondos o establecemento de pequenas empresas comunitarias. Tamén se traballa na promoción da actividade de mozos e adultos.

4. AUGA E SANEAMENTO: na que se desenvolven accións encamiñadas a promover un medio saudable a través dunha educación hixiénico-sanitaria para mellorar as condicións de saúde da poboación; coidado e manexo da auga para garantir a súa calidade e prácticas de protección do medio.

5. O quinto eixo do proxecto é o FORNECEMENTO DA INSTITUCIÓN E A ORGANIZACIÓN COMUNITARIA, capacitando as persoas da comunidade para a multiplicación dos obradoiros e para a realización de accións en beneficio deles mesmos e das súas familias, como compromiso e condición para o traballo na área. Tamén apoian organizacións comunitarias xa en marcha (levan moitos anos contribuíndo e traballando neste eido, base para o desenvolvemento e autonomía da comunidade, así como para achegarse á mesma).

Cumpre dicir **que, dun xeito transversal, tamén se realizan actividades e accións dirixidas a garantir en todo momento da intervención, en todos os niveis, a participación dos homes nas tarefas asignadas cultural e socialmente ás mulleres**, reflexionando sobre os roles home-muller, promovendo o respecto dende a nenez e apoiando a independencia económica da muller (é unha sociedade tremendamente machista, hai moitas condutas e accións socialmente aceptadas que menosprezan a identidade e o poder da muller. Prefiro non entrar neste tema en profundidade, xa que me afectou e tocou a fibra máis sensible). O que realmente importa é o gran traballo que se está a facer neste eido, cunha grande forza e enerxía, para acadar a igualdade de oportunidades e cambios que se están a dar, e que amosan que o camiño é lento, pero o axeitado.

En todas as áreas está presente tamén a **Defensoría dos dereitos**, creando un contexto facilitador con referentes comunitarios claves para a aplicación e o cumprimento dos dereitos e deberes da comunidade. Nesta liña, é fundamental o coñecemento dos dereitos humanos para esixir o seu cumprimento. Dende o proxecto realízanse actividades encamiñadas a que a comunidade reivindique os seus dereitos e denuncie cando estes son atacados. Everto convidoume a asistir a un obradoiro para dar a coñecer os dereitos e promover a reflexión sobre a importancia do auto-coidado dirixido a adolescentes. O tema

das grandes inxustizas e o sometemento da sociedade afloraba con moita frecuencia nas longas conversas que tiñamos nos momentos máis distendidos de traballo, e el sabía que tiña moito interese e curiosidade por acompañalo. Foi outro dos momentos duros que vivín na miña estadía: é tremenda a sensación de impotencia diante das inxustizas que saíron á luz na posta en común co grupo de participantes.

UNHA DENUNCIA E UNHA ALEGRÍA

Quixera compartir e denunciar algo que me pareceu alarmante: en Nicaragua hai dúas compañías de móbiles ("celulares"): Movistar e Claro.Nic. A maioría da poboación que usa o móbil non ten conta no banco por razóns obvias, polo que non pode ter un contrato coa compañía e están "obrigados" a utilizar as tarxetas de recarga. En todas as rúas hai moitos establecementos de venda de tarxetas, e podes atopalas nos lugares máis diversos: "pulperías", ferraxarías, farmacias, froitarías,... mesmo en casas particulares! O grave do asunto é que cando un fai a recarga de "x" córdobas, inmediatamente chega unha mensaxe de que o saldo caducará en 4/5 días, dependendo da cantidade da recarga, tanto se o consumen como se non o fan!

Fóra da programación, fun convidada á posta en marcha dun proxecto de capacitación dirixido á comunidade rural no centro educativo e formativo que o INPRHU ten en Theposcaly, **financiado polo Fondo Galego de Cooperación e pola ONG Paz y Desarrollo.** Alí fun testemuña e mensaxeira das palabras de agradecemento e satisfacción por parte do equipo técnico e dos participantes: pola grande oportunidade e cambio a todos os niveis que significaría para eles, as súas familias e a comunidade en conxunto.

DESPEDIDA

E chegou a despedida, a miña cooperación remataba. A verdade é que pasou voando. Agasalláronme cunha cea sorpresa con todos os do equipo: D. Luís, Dª Gladys, quen estando de baixa non quixo faltar ese día; tamén se achegaron outros compañeiros doutros departamentos.... Non o agardaba; entregáronme unha carta de agradecemento no que todos me dedicaron unhas palabriñas. Foi moi emocionante: falamos da miña experiencia, da súa vivencia, cos sentimentos a flor de pel. É pouco tempo, pero ao compartir experiencias tan intensas, establécense lazos moi fortes. Estás tan aberta, tan receptiva, que

todas as barreiras de protección que usamos aquí logo se derruban, e déixaste sentir dende o corazón, no que eu trouxen toda aquela xentiña e o que vivín no seu país.

A miña experiencia no INPRHU e a convivencia en Somoto tradúcese nun antes e un despois en moitos aspectos da miña vida. Algo do que, segundo vai pasando o tempo, son máis consciente. Foi un pracer formar parte dun proxecto que loita incansablemente polos dereitos humanos e o desenvolvemento, a todos os niveis, da poboación máis desprotexida e vulnerable, lonxe do paternalismo, axudando a facer persoas e pobos cada vez máis autónomos e protagonistas dos seus logros. Apostando polo desenvolvemento das capacidades locais e a organización comunitaria como a única forma de acadar a sostenibilidade do proxecto. GRACIÑAS.





VACACIONS CON TRABALLO EN CUBA

DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Cuba.

CAPITAL: A Habana (2.300.000 habitantes)

SUPERFICIE: 110.860 km².

POBOACIÓN: 11.451.560 habitantes (xullo 2009). Un 76% habita en zonas urbanizadas (Banco Mundial, 2008). A densidade demográfica estímase en 103 hab/km²

ALFABETIZACIÓN: 99,8% (Censo Oficial, 2002). Segundo estatísticas oficiais de 2006 e datos do Banco Mundial, existe un gasto gobernamental de 9,1% en materia de educación, que coloca Cuba na novena posición en maior gasto estatal educativo a nivel mundial.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 77,45 anos (Banco Mundial, 2008).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0,817, posto 51º entre 120 países. Considerado "nivel alto" polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD)

LINGUAS: Español (oficial). Tamén se recoñece oficialmente a existencia de dialectos e palabras de orixe crioulo, formalmente denominado "haitiano crioulo", especialmente no seo da poboación afro-caribeña. Así, o "haitiano crioulo" é o segundo idioma máis falado en Cuba, utilizado por aproximadamente 300.000 persoas.

CONFIGURACIÓN RACIAL: brancos (65,1%); mulatos e mestizos (24,8%); negros (10,1%). Datos do Censo Nacional de 2002.

RELIXIÓNS: As estatísticas antes da Revolución (1959) estiman un 85,5% de católicos romanos; existen numerosas comunidades evanxélicas de Testemuñas de Xehová, Protestantes e unha pequena comunidade xudía. Os ritos da "santería" cubana, mestura de crenzas africanas con cristiáns, ocupan un lugar destacado, sendo igualmente recoñecido de forma oficial.

MOEDA: peso cubano (CUP). Cuba ten dúas moedas de cotización: o Peso Cubano (CUP) e o Peso Convertible (CUC). Cotización ao 22 de outubro de 2009: 1 CUC = 0,677 €.

PIB PER CÁPITA: US$ 9.500 (estimacións 2008).

DÉBEDA PÚBLICA: 35,8% do PIB (2008).

DESEMPREGO: 1,7% (estimacións 2008).

POBREZA: N/A.

DIVISIÓN DO PIB: agricultura (4,4%); industria (22,8%); servizos (72,8%) Estimacións de 2008.

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: China, Canadá, España, Venezuela, Irán, Países Baixos.

PRINCIPAIS RECURSOS: azucre, petróleo, tabaco, níquel, aceiro, industria farmacéutica, maquinaria agrícola e da construción.

DATA DE INDEPENDENCIA: O 20 de maio de 1902, Cuba obtivo a súa independencia política definitiva, tras ser colonia española ata o 10 de decembro de 1898 para, posteriormente, pasar a ser administrado por EEUU ata 1902. Non obstante, oficialmente o goberno cubano recoñece como festa nacional o 1º de xaneiro de 1959, Día do Triunfo da Revolución.





TESTEMUÑO DE JORGE DUARTE

Arquitecto técnico no Concello de Pontecesures. Oficina do Conservador de Santiago de Cuba

Ante as dificultades para relatar e condensar nun informe tantas experiencias e emocións como as vividas ao longo do mes no que se desenvolveron as miñas "vacacións" en Santiago de Cuba , tentarei ser un pouco ordenado, recordando como comezou todo, e agradecendo ter escrito con regularidade nun blog as miñas andanzas alá en Cuba, para poder facer unha análise mais clara entre o que sentín e vivín estando alí, e a visión actual de volta aquí estrañando aquela terra e aquela xente...

O COMEZO DA VIAXE.

A verdade é que o tema da cooperación, vírao sempre interesante, e cando falaba cos amigos de Arquitectos Sen Fronteiras sempre sentía unha certa envexa. Despois, xustificábame dicindo que eu non tiña tempo... que xa levaba unha vida na cal tiña moitos compromisos: colexio de arquitectos, universidade... e outras escusas do mesmo estilo...

Por iso, o día que no Concello de Pontecesures caeu nas miñas mans o tríptico de vacacións con traballo, no cal un dos parceiros era a Oficina do Conservador de Santiago de Cuba, e pedía un arquitecto con formación en rehabilitación e coñe-



cemento do entorno, no mesmo día mandei a miña solicitude.

Eu estivera con anterioridade dúas veces na illa, e as dúas estivera en Santiago de Cuba, tendo a fortuna de que a segunda das veces estivera nunha viaxe cun grupo de arquitectos na cal tivemos a ocasión de coñecer a Omar López , Conservador da Cidade, e de ver con el o difícil traballo que supón conservar unha cidade histórica como Santiago, ca escaseza de recursos e materiais existente. Naquela viaxe souben da importante colaboración galega para poder facer viable a revitalización e conservación da cidade... e quen me ía dicir a min, que ao final eu tamén ía poder achegar o meu graíño de area para avanzar nese obxectivo.

Como se pode comprender, cando o Fondo Galego pensou que eu podía ser a persoa adecuada para ir a Santiago de Cuba, empezaron tamén as miñas preocupacións para estar á altura do que se podía esperar de min. Preocupación por cumprir cos obxectivos do Fondo Galego e, sobre todo, para poder achegar o máximo posible en canto á formación dos arquitectos que traballan alá. Tamén en canto a transmitir as experiencias de rehabilitación de Compostela que puideran ser validas alí, segundo falara en repetidas ocasións con Omar López. Nós, desde o Colexio de Arquitectos, ofreceramos a oportunidade de facilitar que viñera algún arquitecto a estudar ao Máster de Rehabilitación e Renovación Urbana, e Omar, agora creo que con acerto, sempre sostivo que era moito máis interesante que fosemos os arquitectos de aquí a ensinar alá.

OS OBXECTIVOS

Levaba alá, por tanto, dous obxectivos claros, por un lado facer un **seguimento dos labores que viña desenvolvendo o Fondo Galego** en Santiago nos últimos anos, e intentar que tiveran continuación en novos proxectos, e tamén esa preocupación pola **formación e a transmisión de experiencias aos arquitectos que traballan na cidade.**

En relación aos proxectos financiados polo Fondo Galego de Cooperación en Santiago de Cuba, nestes últimos anos desenvolvéronse dous programas:

- Plan Mestre para a Revitalización da Cidade Histórica de Santiago de Cuba.
- Mellora das condicións de habitabilidade das vivendas do Centro Histórico de Santiago de Cuba

Creo que para a cidade foi fundamental o **Plan Mestre para a Revitalización do Centro Histórico de Santiago de Cuba,** iniciado no ano 2002 e que foi cofinanciado polo Fondo e pola Consellaría de Emigración e Cooperación Exterior da Xunta, (a partir de 2004, Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior) e polo Concello de Santiago de Compostela.

Este Proxecto de Cooperación, iniciado no 2002, vén de rematarse este ano 2009, coa aprobación definitiva do Plan Mestre, e contou fun financiamento total por parte das tres entidades de 261.155 euros, repartidos entre estes oito exercicios.

O Plan Mestre de Santiago de Cuba foi realizado en colaboración co mesmo equipo que redactou o Plan Especial de Protección do Centro Histórico de Santiago de Compostela, e parte dun mesmo concepto, válido para as dúas cidades:

A necesidade de dotarse dunha boa ferramenta de coñecemento do existente, para saber como protexelo e, sobre todo, como conseguir a revitalización dese Centro Histórico, cun asentamento de poboación con dotacións de vivendas e servizos aos residentes. Evitando a tentación de deixalo todo en mans do turismo, pola súa facilidade para conseguir unha rendibilidade a curto prazo, pero que mostrará a súa cara máis negativa coa terciarización e banalización da cidade e o seu patrimonio...

A aprobación do Plan Mestre posibilitará a declaración a curto prazo de Santiago de Cuba dentro da lista de Cidades Patrimonio da Humanidade.



O Plan Mestre na actualidade conta cunha oficina propia, na cal está exposto o Plan. Nela asesórase e informa a todos os cidadáns e arquitectos que queren acometer obras na Cidade Histórica sobre as regulacións que teñen que cumprir

Nestas oficinas do Plan Mestre, situadas no edificio onde se expón a Maqueta da cidade, foi onde eu desenvolvín o meu traballo, xa que tamén desde aquí era desde onde se levaba o control das obra de **Mellora das condicións de habitabilidade en 78 vivendas na área de Los Maceos, no Centro Histórico de Santiago de Cuba**, que neses días absorbeu case todo o meu tempo para tentar axilizalo e chegar en tempo ao seu remate, aínda que finalmente fora necesario solicitar unha prórroga.

O proxecto contempla as obras de mellora da habitabilidade das vivendas, consistentes basicamente en conseguir a protección fronte a chuvia, e a mellora das instalacións eléctricas e hidrosanitarias, coa mellora de baños, cociñas, e a conexión ás infraestruturas.

O programa dota de recursos e materiais de construción aos propietarios, e logo son os propietarios os que fan a obra. Isto fai que as obras totalmente rematadas, cando eu estiven, non foran moitas, e había obras nas cales aínda se estaban comprando os recursos. Tiñan moitos problemas para comprar a madeira para a cuberta nas obras que faltaban. Isto facía que ás veces optasen por substituír a madeira e a tella crioula por chapa ondulada de cinc.

Hai que ter en conta que a maioría das vivendas están catalogadas, e deben usarse os materiais e as tipoloxías tradicionais, segundo o contemplado no Plan Mestre, sendo importante o labor de facer tomar consciencia de que, unha vez aprobado, o Plan Mestre é para cumprilo, sendo o máis rigorosos dentro do posible, nas obras a realizar. Este foi un labor básico que tiven que facer cos propietarios das vivendas, que pensaban que "a tella de cinc" era o material novo que solucionaba todos os problemas. Algo similar ao que pasaba en Compostela ou en calquera outro centro histórico: os propietarios desconfían do uso dos materiais tradicionais.

Este labor de concienciación da poboación e a visita a todas as vivendas, foi longo e duro pola necesidade de convencer a xente da necesidade de manter os valores históricos e construtivos das súas vivendas. Pero realmente era moi gratificante ver o agradecemento da xente por ver melloradas as súas condicións de vida.

A miña valoración do programa é moi positiva, xa que hai que ter en conta que se melloraban as condicións de habitabilidade das vivendas e, ademais, se intentaban manter e mellorar os valores patrimoniais das vivendas catalogadas polo Plan Mestre.

Neste programa de mellora de habitabilidade posiblemente fora necesario que houbera un maior control desde aquí, por parte dalgún arquitecto, para evitar que cos fondos achegados se poidan facer obras contrarias ás determinacións do Plan Mestre.

De todas formas, e seguindo o falado previamente con Omar López, un dos traballos máis bonitos dos efectuados alá, foi ese contacto diario, ese traballo a pé de obra cos arquitectos da oficina do Plan Mestre, dándolles a miña visión acerca da importancia de recuperar os materiais existentes, tal como facemos aquí. Tella e madeira, sobre todo.

Ese traballo de formación en contacto cos arquitectos da oficina, realmente tivo continuación, cousa que ao principio non tiña moi claro, con diversas charlas e conferencias en distintos foros que agora conto...

OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN: AS CHARLAS



Como contei anteriormente, ademais do traballo de formación en contacto cos arquitectos da oficina, fíxose necesario incidir na necesidade de respectar as determinacións do Plan Mestre ao resto dos arquitectos que traballan no ámbito do Centro Histórico. Esta idea, que xa ma expuxera Omar López desde o principio, tivo continuación con diversas charlas e conferencias en distintos foros, como a propia Oficina do Conservador, a Universidade, a Oficina de Planificación Urbanística da cidade ou a UNAICC, sede do Colexio de Arquitectos de Santiago de Cuba.

Nestas conferencias buscábase concienciar acerca da necesidade de coñecer e respectar o Plan Mestre de Revitalización do Centro Histórico, como paso previo para calquera política de rehabilitación. E tamén relataba as experiencias de Santiago de Compostela como exemplo a aplicar, en canto á necesidade de concienciar a cidadanía e os propios arquitectos que interveñen na cidade, e dirixíronse tanto a arquitectos como a enxeñeiros civís e urbanistas

O sábado 8 de Novembro, véspera do Dia Mundial do Urbanismo, din unha charla na Oficina Municipal de Planificación Física de Santiago de Cuba, falando das virtudes do Plan Mestre e do proxecto de cooperación actual. A charla era o remate dunha xornada na que se presentaran diversos proxectos urbanos, e entregábanse as medallas aos arquitectos que levaban máis de 25 anos na UNAICC, co cal foi moi positivo o labor de difusión dentro do colectivo dos arquitectos da cidade, incluídos tamén os arquitectos e alumnos pertencentes á Universidade.

Dentro da importancia que ten a formación, tiven un encontro coa rectora da Universidade de Oriente e a Decana da facultade de construción, encamiñado a estudar a colaboración entre o Máster de Rehabilitación e Renovación Urbana, da Universidade de Compostela, e os cursos de Mestría da Facultade de Construción de Santiago de Cuba.

O día 18 de Novembro din unha conferencia na sede da UNAICC, sobre a experiencia de rehabilitación en Compostela e a súa aplicación en Cuba, e tamén sobre os programas de cooperación que tiña en marcha o Fondo Galego. A raíz desta charla xurdiu unha das iniciativas máis gratificantes, pois chamáronme desde unha oficina de Proxectos ca que fora especialmente crítico, "Arquitectos al Servicio de la Comunidad" para que lles dera unhas charlas de formación.

Os últimos días, e unha vez comprobado o alcance e calidade dos traballos efectuados alá, nas charlas aumentei tamén as explicacións sobre construción, porque aínda que pareza estraño, alá tamén sofren os males que tivo a construción na nosa sociedade, e asocian formigón ou chapas metálicas con progreso, desbotando os materiais tradicionais.

O último día, ao final, tiven que xuntar varios grupos nunha charla para case cen persoas, nun momento moi emotivo, pois xusto ao remate tíñanme preparada unha festa de despedida...

A MIÑA EXPERIENCIA PERSOAL

Do que un ten lido ata aquí, parece que eu fun alí ensinar... pero posiblemente eu teña aprendido moito máis da miña experiencia alí do que eu fun capaz de transmitirlles a eles.

Coñecía Cuba, coñecía Santiago e a moita xente coa que compartín o traballo e a vida alí, das miñas visitas anteriores, nas que xa quedara gratamente sorprendido polo agradable da xente... e aínda así volveume sorprender... a proximidade no trato, as ganas de vivir, de gozar da vida, de compartir...

Para min foi unha experiencia moi satisfactoria, tanto polo traballo realizado como polo compromiso do parceiro, a Oficina do Conservador, para facilitarme en todo momento a vida e facerme sentir como na miña casa e rodeado de vellos amigos.

Ademais dos proxectos dos que falamos, traio algo máis: unha proposta para retomar uns encontros culturais e musicais, que xa funcionaran fai uns anos e que quedaron esquecidos. Consistían nun intercambio de artistas que se encontraban un ano en cada cidade. Espero que este ano poidamos desfrutar dalgúns músicos e artistas "santiagueros", nunha nova edición dos encontros "De Santiago a Santiago"

Con todo isto só dar as grazas ao Fondo Galego de Cooperación por terme permitido participar nesta bonita experiencia, e poñerme a vosa disposición para facerlle chegar a todos os Concellos e Deputacións socias do Fondo, a importancia do labor que desenvolve este.

+ Podedes consultar o blog da viaxe de Jorge Duarte a Cuba en:

http://jorge-santiagocuba.blogspot.com/





CONCLUSIÓNS

Vacacións con Traballo é un programa consolidado dentro do municipalismo solidario, a quinta edición que agora se abre, volta situar a Cabo Verde, Perú, Nicaragua e Cuba nas rutas de cooperación que desde as entidades locais galegas trazamos, coa insistente labor de abrir novos pontes para o desenvolvemento dos máis desfavorecidos. Os relatos deste caderno de experiencias dan conta da intensidade da aventura, e da experiencia de aprender e ensinar lonxe dos nosos parámetros habituais trascendendo na distancia a tarefa diaria. O traballo sementado polos nosos cooperantes fortalece os vínculos cada ano e sementa ideas e reflexións que agroman co paso do tempo. O feito de relacionármonos con entidades locais do sur enfatiza a nosa cooperación descentralizada, onde nos facemos específicos ante o compartir dos problemas e procesos de quenes nos relacionamos co cidadán desde a base.

Os vellos participantes de Vacacións con Traballo estarán ahí para apoiar e asesorar a viaxe dos novos aventureiros. O Fondo seguirá ofrecendo ferramentas de formación na cooperación, para enriquecer os discursos e estimular os recursos humanos da administración local asociada ao Fondo, para seguir fortalecendo esta rede solidaria, que gran a gran construímos desde a nosa asociación municipalista. Non falta máis que atrevemento para participar na convocatoria deste ano, e enfiar así un desafío existencial coma o que estas testemuñas nos ofrecen. Agardámosvos.

fondo galego
de cooperación e solidariedade

Cabo Verde
Perú
Nicaragua
Cuba

EXPERIENCIAS 2009
Vacacions con traballo
Un Orgullo


fondo galego
de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.org

Perú



Cabo Verde



Nicaragua



Cuba



XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega